



Tres momentos da preparación da xuntanza na praza do Ágora.

Algunhas das protagonistas da charla.



CONTENEDOR DE FEMINISMOS

Uqui Permui, Carme Nogueira, Anxela Caramés

Contenedor de feminismos é un proxecto de arquivo móbil ideado para o espazo público. A partir dunha idea de Uqui Permui, ten a finalidade de recuperar, documentar e visibilizar as historias das mulleres, os feminismos e as loitas pola liberación sexual dos últimos trinta anos en Galicia. O dispositivo foi pensado para recoller este material, para mostralo e difundir o recompilado dun modo non xerárquico e con afán de crear redes.

O dispositivo de exhibición foi deseñado por Carme Nogueira e foi producido para as xornadas "Contra vento e marea. Verbas e pegadas dous feminismos", organizadas por Anxela Caramés e desenvolvidas na Casa-Museo Emilia Pardo Bazán da Coruña, en setembro de 2009.

Interésanos falar sobre o lugar intermedio entre o público e o privado, recuperando as persoas que están detrás dos procesos colectivos, para rescatar esa outra memoria.

www.contenedordefeminismos.org



O pasado mes de Xullo de 2013 realizouse, dentro das actividades de "Música en Branco" no Ágora, unha docu-acción do Contenedor de Feminismos sobre as diferentes realidades das veciñas da Agra do Orzán coa música como fio condutor.

Os testimonios das mulleres mesturaron diferentes realidades que fixeron moi interesante a conversa, pois non só se falou das vivencias en torno á música, senón tamén de como esas formas de vida tan diferentes implicaban diferentes xeitos de entender a maternidade, a educación, as tradicións, o propio idioma... Mulleres que chegaron de distintos países, como a senegalesa Elisabeth Ndyae, que tamén nos ofreceu algunhas das súas cancións, loitadoras políticas como Araceli e Sara ou algunha das máis novas, como Noa, interesadas na música tradicional galega, foron algunhas das nosas contertulias.



Sara e Araceli nun momento do encontro. Abaixo, Noa e Elisabeth.



Despois do encontro recóllese o contenedor para levalo a outro lugar. Algúns dos datos recollidos vanse pintar de forma definitiva na superficie da pizarra e os materiais que as protagonistas decidiron vanse incorporar dentro do colector. Nunha seguinte fase (e sucesivas), o interior do contenedor tamén formará parte de todo o proceso, xa que se viu modificado por esta primeira reunión ou uso do colector.

